

BIBLIOTECAS E LECTURA EN PRIMARIA:

máis alá da adquisición do código escrito



Ler en Primaria

- Adquisición do código escrito
- Formar lectores/as competentes
- Desenvolver o hábito lector
- Achegamento ao patrimonio literario, cultural e científico



Ler en Primaria

- Lectura de diferentes xéneros e estilos
- Lectura en diferentes soportes
- Lectura para diferentes fins
- Busca e tratamento da información
- Lectura e escritura



Proxecto lector de centro

A Biblioteca coordina o desenvolvemento do PLC:

➡ Garante a implicación de toda a comunidade educativa.

➡ Dá continuidade e coherencia ás intervencións ao redor da lectura: PAL.



Hora de Ler



- Dar espaço e visibilidade á lectura no horario escolar.
- Ler como fin en si mesmo.

Hora de Ler

"O verbo ler non soporta o imperativo. Aversión que comparte con outros verbos: o verbo "amar"..., o verbo "soñar"..."

Daniel Pennac

A HORA DE LER É:

- ▶ 20 minutos adicados á lectura, polo puro pracer de ler.
- ▶ 20 minutos de descanso e de "desconectar" do ritmo das clases para adicarnos, ao noso propio ritmo, á lectura.
- ▶ 20 minutos para gozar de mirar, de ler, de compartir en silencio.

A HORA DE LER NON É:

- ▶ Un castigo: é unha actividade pracenteira.
- ▶ Unha materia: non se trata de pedir nada a cambio, non se trata de avaliar a evolución da lectura do nen@, non se trata de mellorar a súa comprensión lectora,....
- ▶ Un traballo: é un tempo de lecer.



**BOLETÍN INFORMATIVO DA
BIBLIOTECA BREA SEGADE
(PROFESORADO)**



HORA DE LER

Setembro 2018

Mochilas Viaxeiras




- Llevar a biblioteca ás familias.
- Promover experiencias de lectura en familia.

Contacontos



- Lectura como espacio de encuentro.
- Dinamización cultural.

Itinerarios lectores




- Lecturas imprescindibles.
- Aproveitamento curricular.
- Traballo por proxectos.

A ESCOLA DOS PIRATAS



► Observa e numera. Usa o dicionario para as dúbidas.

AS PRINCIPAIS PARTES DUNHA EMBARCACIÓN



Cheminea
Popa
Hélice
Quilla
Âncora
Bulbo de proa
Proa
Cuberta
Cabina

Que parte da embarcación sería a clase de Marta?
.....

Que parte da embarcación produce o movemento?
.....

No caso da escola, que produce o movemento?
.....

Que parte da embarcación, que a escola non ten, axudaría a detela?
.....

Lecturas compartidas



- Socializar por medio da lectura.
- Poñer en valor, prestixiar a lectura.
- Apadriñamentos: "festa da lectura".

Recomendacións lectoras

Adult@s

Amor por catro
Helena Villar Janeiro. Galaxia.
Historias de amores primeiros eses que deixan a máis grande pegada no corazón. Os que non se esquecen. Amores que nos acompañarán na memoria para o resto das nosas vidas.

Contra todo isto. Manifesto rebelde
Manuel Rivas. Xerais
Vivimos un tempo de retroceso, de aumento das desigualdades, de subtracción da liberdade, de rearmamento bélico e abarrotamento humano... Este libro está escrito contra Todo Isto.

Los pacientes del doctor García.
Almudena Grandes. Tusquets.
Tras a victoria de Franco, o doctor Guillermo García Medina segue vivindo en Madrid baixo unha identidade falsa. Emocionante thriller e novela de espías ambientado na nosa historia recente.

Películas para ver neste verán

Despois dun ano de cine, teremos que estar atent@s a dúas das estreitas máis agardadas: *Os increíbles 2* e *Hotel Transilvania 3*.



LIBROS QUE VEÑEN E VAN

Chegan as vacacións de verán e un ano máis convidámosvos a LER, "*Ler no verán*". Quixemos incluír nas nosas recomendacións deste curso unha pequena mostra da obra de Helena Villar Janeiro, unha escritora, rianxeira de adopción, que é referente na literatura infantil, xuvenil e de adultos/as. A poesía tamén ocupa un lugar especial na nosa proposta e desta vez, tamén o cine. Todo isto e moito máis, podedes atopalo nos andeis da **BBS**, na B.P.M. Castela de Rianxo, na Feira de Libro...

Animámosvos a pasar pola biblioteca antes de que remate o mes, rebuscar e encher a vosa bolsa de *Libros que veñen e van*.


Bo verán e boas lecturas
Biblioteca Brea Segade

As bolsas de lectura de verán agardan por vós na biblioteca entre o 22 e o 30 de xuño en horario de mañá (9:30-13:00)

Este verán :
►Feira do libro en Rianxo entre o 19 e o 22 de xullo.
►B.P.M. "Castela" de Rianxo de luns a venres de 09:00 a 14:00.

BOLETÍN INFORMATIVO DA BIBLIOTECA BREA SEGADE

LER NO VERÁN



LIBROS QUE VEÑEN E VAN

www.bibliobreasegade.blogspot.com

Xuño 2018 **BBS**

- Calidade literaria
- Valores
- Intereses e rango de idade

PRELECTORES/AS	PRIMEIR@S LECTORES/AS	LECTORES/AS AUTONOM@S
Colacalco "Sora maior". Alice La Monard e Thierry Bateman. Ed. Torras. Con estas compañas @asimilamemos habidos catos. Os animais do bosque / Os animais na granxa. Ed. Bala. Xuntos achegámonos a como é a día a día destes animais. Monstro Rosa. Olga de Dios. Ed. Arda. Un libro a liberdade e a riqueza da diversidade. O galego. Jacinto Pae Limas. Ed. Bala. Alguén estalle a mollar a como é nosa amiga. Quen será? Invención. Rocio Bonilla. Ed. Algor. Quiseis ter un irmán ou unha irmá non está tan mal, verdade? Lúa. Antonia Rubio. Ed. Kalendrakha. A lúa e o sol, teño veneno para cantos e reírlos. Agaña en libro seguinte. Música. A festa dos sortos. Ed. Galaxia. Animado a esta festa abertos ao mundo con música e cancións cheas de misticismo. Sorpe de orixinal. Ed. Galaxia. Os animais botáronse a cantar e queren que ti tamén o fagas con eles!	A miña profa é un monstro. Peter Brown. Ed. Alacervos. Unha boa comedia os prexucios co mellor humor e caricaturas. Os esqueletos disortados. Janet e Allan Milberg. Ed. Kalendrakha. Xogos e cancións dunha noite terroríficamente disortada. De que son é un bico? Rocio Bonilla. Ed. Algor. Como saber de que son é un bico? Te pódete atopar algunhas res? Calacalco "Animais invisíbles". Paula Hontela. Ed. Torras. Queredes descubrir as estratexas de camuflaxe destes animais? Dormir na escuridade. Daniela Kalbitz. Ed. Kalendrakha. Dormir nun lugar alto, experimenta. Aventuras que dan moitos e autónomos! O labirinto das sortos. Sabela Fernández Trullas. Ed. Torras. Un labirinto de sortos anda solto. Para que os queredes? Monstros con os seus consentimentos. Ed. Galaxia. Música para gozar monstrosamente e con moitos ritmos. A casa do terror. Ed. Galaxia. Entre moitos casos de pantasmas. Convidámonos a bailar e a cantar!	Animalia 1 Verde. Xosé Tomás. Ed. Xerais. Banda desenhada con animais como protagonistas que, con moito humor, dan a súa visión sobre a humanidade. Cano de velocidade. Marga Toja. Ed. Kalendrakha. O día a día comentado en poesía, un ritmo urbano e musical. A ciencia do día a día. Jordi Induráin Poma. Ed. Xerais. Queres saber como? E para que? Si, isto é ciencia! Ciencia disortada! A biblioteca de Polvorosa. Carlos Taboada. Ed. Xerais. Unha historia emocionante sobre o valor dos libros para mudar a pel da cidade. Coñecendo con bolitas na bandeira. Diana Fernández Gómez. Ed. Xerais. Recetas e historias apegadas para saborear e gozar. Monstros. Rosa Pato e Manuel González. Hércules edicións. Monstros é unha tema común que a noite de Sonámbulo oporámonos para descubrir o mundo dos vivos. A noite dos bicicletas. Teresa González Lario. Ed. Xerais. Monstros cheas de fantasía, humor e ternura da man dun apaixonado da bicicleta. A lúa e o arco. Pere Torrealba. Ed. Endemol. Ora atopas un libro moi especial. Cando o abres aos protagonistas pódelle as mesmas cousas que a lúa.

Biblioteca Brea Segade

Bitácora da biblioteca escolar do CEP Xosé Mª Brea Segade de Taragoña

PAXINA PRINCIPAL	LARGANDO A REDE	O NOSO CATÁLOGO	BIBLIOTECA VIRTUAL BBS
ANTIGO BLOQUE DA BBS	DECOTIO...SOPA DE LETRAS!		

22 de xaneiro de 2019

Pioneiras

Pioneiras. Galegas que abriron camiño, de Anaí Rodríguez, é un libro moi interesante que fala de mulleres galegas que marcaron un capítulo na historia. Recomendoo especialmente as persoas as que lles gustan os libros de historias de mulleres loitadoras, as historias de amor para toda a vida ou simplemente aos curiosos/as aos que lles interesan as biografías.

María de 6º

Pioneiras. Galegas que abriron camiño
Anaí Rodríguez. Nuria Díaz Xerais



Pioneiras. Galegas que abriron camiño

BBS



Biblioteca Brea Segade

BIBLIOTECAS ESCOLARES DE GALICIA

Bibliotecas escolares de Galicia

Encontros con escritores/as

María Canosa	Eu lin...	Gustaríame saber...
Naceu en Cee (A Coruña), o 20 de agosto de 1978 e alí viviu ata que foi estudar á universidade de A Coruña. Estudou Enxeñaría de Camións, Canais e Portos. É escritora, colabora como columnista no xornal <i>La Voz de Galicia</i>, participou en diferentes programas da Radio Galega e Radio Voz e en programas da TVG. Na actualidade é "experta" no concurso da TVG "Como un Allo" xunto co científico Jorge Mira. 	Debuxa e escribe sobre os libros de María Canosa.	Pensa dúas preguntas sobre a obra de María Canosa que che gustaría facerlle o vindeiro luns. Gustaríame ler... Escolle un dos títulos de María Canosa que temos na BBS.



- Que hai detrás? Escritores/as, ilustradores/as, editores/as...

Lectura e creación



- Kamishibai, Stop Motion, teatro, radio...

Xornal BBS

DOUS CANS DESAPARECIDOS.
Redacción 4ª

Na segunda semana de novembro ocorreu algo moi triste. Uns cans fixeron un burato no val do xadín e puideron escapar. Os donos moi tristes decidiron ir na súa busca. Como non os encontraron chamaron á policía e pediron axuda. Ao non dar cos cans, a familia fixo carteis e os pegou por todas partes.

Aos cinco días o avó saía co matraquillo e escoito ladrar ao can pequeno que se quedara co grande que estaba ferido, para que non estivese só. O pobre fora atropelado por un coche.

O avó levounos para casa, pero desgraciadamente o can grande morreu.



INCENDIO NO MONTE DO ARAÑO.
Redacción 5ª

O día 3 de outubro ás 3 da tarde houbo un incendio que ardeu 20 hectáreas. Nel participou un importante operativo formado por: 1 técnico, 4 ascetas, 12 brigadas -cunha media de 5 persoas cada unha- 5 motobombas, 2 púas, helicópteros e 3 avións e persoal de emerxencias de Rianxo. Foi extinguido ás 7 da tarde.



A ESCOLA DE MÚSICA DE RIANXO.
Redacción 3ª

Nenos e nenas do CIP Xosé María Brea Segade asistían á escola de música de Rianxo. As clases son polas tardes e aprenden a solfeixar e a tocar un instrumento. O sábado 22 de decembro van facer un festival de Nadal no Auditorio de Rianxo. Ide ver que ben tocan!



BICHO ATACA AS PALMEIRAS.
Redacción 6ª

Na vila de Taragoña en novembro do 2018 unha praga de escaravéllos picados vermellozos veu atacar as palmeiras, polidándas e en perigo de morte.

Víderon do sur de África a Galicia para alimentarse e reproducirse porque en África non quedaban moitas. Un neno de 1ª insinou ao colexio unha mostra destes escaravéllos nun frasco. É moi difícil eliminálos e arrasan con todas as palmeiras que ven ao seu paso.



TINO LEVA PÓRENDO BOLAS TODA A SEMANA.
Redacción 2ª

Tino ten bo traballo, anda colgando con filo bolas a bola. Leva toda a semana. Cando saíbe o Nadal irá que retirar todas. O colexio está quedando ben bonito. Bo traballo Tino!



OS EXPERIMENTOS DE 3ª.
Redacción 3ª


No mes de novembro, mes da Galicia en galego, a clase de 3ª fixo experimentos con vinagre e bicarbonato. Fixeron unha maqueta dun volcán cun vaso de plástico e metéronlle dentro vinagre e pintura. Despois botáronlle bicarbonato e o volcán entrou en erupción. Tamén viron medrar osíulas de gomina a que deixaron en auga e en vinagre durante un día. Facer experimentos foi un dos "ingredientes" que os nenos e nenas de 3ª pedían para este curso.



BO NADAL É FELIZ 2019

LUCES DE NADAL.
Redacción 3ª

Na fin de semana do 6 de decembro acenderon as luces de Nadal en Rianxo. O concello puxo luces en todas as parroquias. Decoraron o quiosco de Campo de Pazos con luces. Quedou bonito!



ROBAN NAS CASAS DE OUROLO.
Redacción 6ª

En Ourolo, durante estas semanas, uns ladróns dedicárame a entrar nas casas para roubarlle aos veciños. Seguiron sempre o mesmo modo operativo: loocaban aos tambores e negriñanse de que nesa casa non había ningunha e rouban. Os policías seguen co caso aberto, buscando probas para poder coller a estes bandidos.



PISCINA MUNICIPAL.
Redacción 3ª

Todos os martes, venres e sábados os nenos e nenas de Rianxo van á piscina municipal a practicar para aprender a nadar ou para perfeccionar. Tellen unha piscina pequena para descansar e nadar por libre e tamén serve para que os moi pequenos naden cos pais ou nais. Tirárase á piscina e poden nadar cos churros e aletas. Gústalles moito estar na auga.



CELEBRACIÓN DO DÍA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.
Redacción 4ª

Fai uns días celebrouse no cole o día contra a violencia de xénero. Os rapaces e rapazas cantaron a canción de Brave titulada 'I dare'. Tamén fixemos mans de papel e as pintamos de lila e as colocamos nunha coriza.

Finalmente unha moza falou sobre a violencia e deunos uns libros de regalo.

Despois dous subidos para as clases e seguimos traballando como todos os días.



EXPERIMENTOS CON OVOS.
Redacción 6ª

O mércores 5 de decembro os nenos e nenas de 1ª e 6ª fixeron un experimento cun ovo. Metéron un ovo nun vaso con vinagre e outro nun vaso con auga. Esperaron durante a ponte de decembro. Ao ovo sumerxido en auga non lle sucedeu nada. Ao asomado en vinagre o primeiro día saíu unha especie de burbulla, o segundo día comezou a flotar, a casca acríase e expulsou unha substancia marrón escura. Despois da ponte foron ao comedor xuntos os de 1ª e 6ª e observaron que ao ovo metido en vinagre, lle rompeu a casca e aumentou de tamaño. Ao colóalo notouse se latinos. Cando o soltaron darba poxeira alura, reboto! Pero cando o lanzaron desde unha altura maior, estúpido! Iso sucedeu porque o ovo era poroso, fixo unha reacción química entre o ácido do vinagre e o calcio da casca do ovo, creando unha membrana que fixo que rebotase.



CANTOS DE AGUINALDO.
Redacción 2ª

Os nenos e nenas do cole están ensaiando todos xuntos para poder ir cantar as prosas polas aldeas. Están pasando xenial.

O venres 21 andarán por aí.

Felices festas, os reises...



- Lectura e escritura: creación partindo de modelos.
- Relevancia e intención comunicativa.


Salón do Libro de Pontevedra



Lectura en diferentes soportes



Lectura con diferentes finalidades: PDI



- Busca e selección de información no contexto dun proxecto.

Lectura con diferentes finalidades



Biblioteca compensadora de desigualdades



Grazas

Covadonga Rodríguez Argüelles
CEP Xosé M^a Brea Segade - Taragoña